



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### RIANXO

##### Tesourería - Recadación

*Aprobación padrón taxa recollida do lixo 2º cuadrimestre 2023*

##### **Exposición publica do padrón do segundo cuadrimestre da Taxa Sobre a Recollida do Lixo 2023**

Acórdase aprobar o padrón da taxa polo servizo de recollida do lixo correspondente ao segundo cuadrimestre do exercicio 2023.

O padrón quedará exposto nas dependencias de Recadación, durante 15 días, contados a partir do día seguinte ao que se publique este anuncio no BOP, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e formular alegacións.

Contra as liquidacións comprendidas no Padrón poderase interpor recurso de reposición, no prazo dun mes, a partir da finalización do prazo de exposición ao público, ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais. Contra a resolución recaída poderá interpor recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación de dita resolución, ou ben no prazo de seis meses se non recae resolución expresa no prazo dun mes dende a interposición do recurso de reposición.

O presente edicto ten carácter de notificación colectiva, de acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza, segundo o artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

**O período voluntario de ingreso comezará o 17 de xullo e rematará o 18 de setembro, ambos os dous incluídos.**

Os pagos poderán realizarse en calquera das entidades colaboradoras na recadación dos tributos do concello de Rianxo; a través da Banca electrónica ou en caixeiro automático nas entidades colaboradoras.

**Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro o día 1 de agosto de 2023.**

Transcorrido o período voluntario de ingreso, iniciárase o período executivo, e as débedas esixiranse pola vía de constrinximento e devengarán as recargas, xuros e custas que se produzan.

Rianxo, 9 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente

Adolfo Muiños Sánchez, Alcalde en funcións do Concello de Rianxo

2023/4627